



Arcebispo de Santiago

Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado Xaneiro 2011

“Saíamos ao encontro... Abramos portas”

Queridos diocesanos:

Este ano a Igrexa na Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado proponnos saír ao encontro dos emigrantes e refuxiados, abrindo as portas para acollelos fraternalmente e solidariamente. Ter que deixar a propia terra e buscar refuxio noutra terra estraña é unha das experiencias dolorosas que pode vivir unha persoa. A persoa percibe que o lugar que habita orixinariamente, chega a ser un pouco prolongación de se mesma. Tense a impresión de que estar na súa terra afirma a liberdade mentres que habitar en terra estranxeira dilúe a propia identidade, xerándose a sensación de inseguridade e desvalemento, que son non poucas veces consecuencia da indiferenza ou da desconfianza dos que non miran con bos ollos ao estranxeiro, que o discriminan e que doadamente o fan responsable de calquera calamidade emerxente.

Integración social e comunión eclesial

Na nosa Arquidiocese constátase unha maior presenza de emigrantes de diferentes países con diferentes linguas, crenzas e culturas, dando lugar a unha sociedade pluricultural e plurirreligiosa. Isto percibímolos no día a día da vida das parroquias. “A acollida aos emigrantes e refuxiados non é só unha cuestión de solidariedade e de compartir, é unha oportunidade providencial para renovar o anuncio do Evanxeo no mundo contemporáneo”, escribe o Papa na súa mensaxe para esta Xornada mundial. No contexto da nova evanxelización non habemos de aforrar esforzo ningún á hora de lograr a integración social e a comunión eclesial dos que deixando o seu país veñen ao noso, buscando condicións máis favorables para a súa vida.

É necesario que aos que xa encontraron a Xesucristo, lles ofrezamos unha comunidade cristiá viva e responsable que lles axude a reafirmar a súa fe, a fortalecer a súa esperanza cristiá no medio das dificultades do desarraigamento do seu ámbito e a animar a súa caridade. Pero son consciente, e así púideno comprobar nas visitas pastorais, de que tamén eles nos poden axudar a remover as augas ás veces estancadas das nosas comunidades



Arcebispo de Santiago

cristiás. O sinal evidente da vitalidade eclesial é o espírito misioneiro e evanxelizador.

No peregrinar da súa existencia cara á patria definitiva, a cidadanía dos santos, o cristián sábese acompañado por Cristo que nos recorda que cada vez que acompañamos aos demais, acompañámoslle a El (cf. Mt 25,40). Os que por diferentes motivos tiveron que saír a outros países, experimentaron a necesidade de sentirse acompañados.

Comenta o Papa que chegan ata nós “homes e mulleres provenientes de diversas rexións da terra que aínda non encontraron a Xesucristo ou o coñecen soamente de modo parcial”. Os católicos non podemos sentirnos alleos a esta situación, e a través dun diálogo respectuoso e do testemuño da nosa solidariedade habemos de mostrar que o Deus en quen cremos “é o Deus do amor, da xustiza, da tenrura e da misericordia”. Decatámonos de que “o máis fermoso testemuño se revelará co tempo impotente se non é esclarecido, xustificado -o que Pedro chamaba dar razón da nosa esperanza-, explicitado por un anuncio claro e inequívoco do Señor Xesús”¹.

A nosa experiencia de emigración

Non esquezamos que a emigración formou parte da nosa historia galega. Seguen vivos os recordos, os afectos e as emocións cando facemos memoria desta realidade. Tamén Deus o recorda ao pobo de Israel: "Amaredes o emigrante xa que fostes emigrantes no país de Exipto" (Dt 10, 19), indicándolles como tiñan que acoller aos que viñan doutros países. Xesús recordaranos que ao final dos nosos días se nos preguntará se demos hospitalidade ao forasteiro (Mt 25,35). Neste sentido, o Papa invítanos a que “as comunidades cristiás presten unha atención particular aos traballadores inmigrantes e ás súas familias, a través de acompañamento da oración, da solidariedade e da caridade cristiá; a valoración do que enriquece reciprocamente, así como a promoción de novos programas políticos, económicos e sociais que favorezan o respecto da dignidade de toda persoa humana, a tutela da familia e o acceso a unha vivenda digna, ao traballo e á asistencia”². O noso mundo debería ser unha casa común e habemos de esforzarnos para achegarnos a esta realidade. “Non debe esquecerse, certamente, que ninguén pode ser excluído do noso amor, dende o momento que coa encarnación o Fillo de Deus se uniu en certo modo a cada home”³.

¹ PAULO VI, *Evangelii nuntiandi*, 22.

² Mensaxe da S. S. Benedito XVI, *Xornada Mundial do Emigrante 2012*.

³ XOÁN PAULO II, *Ao comezo do novo milenio*, nº 50.



Arcebispo de Santiago

Pedindo a intercesión da Sagrada Familia que viviu a experiencia de saír da súa terra, para os emigrantes e refuxiados, vos saúda con afecto e bendice no Señor,

A handwritten signature in blue ink, reading '+ Julián Barrio Barrio', is positioned above a horizontal blue line.

+ Julián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela